

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

**15655** Orde AAA/2794/2012, do 21 de decembro, pola que se regula a pesca con artes fixas e artes menores nas augas exteriores do Mediterráneo.

O Regulamento (CE) n.º 1967/2006 do Consello, do 21 de decembro de 2006, relativo ás medidas de xestión para a explotación sustentable dos recursos pesqueiros no mar Mediterráneo, polo que se modifica o Regulamento (CEE) n.º 2847/93 e se derroga o Regulamento (CE) n.º 1626/94, regula as características técnicas con que se deben utilizar determinadas artes de pesca no Mediterráneo e as condicións en que se poden desenvolver estas pescas.

Esta norma foi recentemente modificada polo Regulamento (UE) n.º 1343/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro de 2011, sobre determinadas disposicións aplicables á pesca na zona do Acordo CXPM (Comisión Xeral de Pesca do Mediterráneo), cuxo obxecto é establecer normas para a aplicación por parte da Unión Europea das medidas de conservación, xestión, explotación, control, comercialización e execución para os produtos da pesca e a acuicultura establecidas pola Comisión Xeral de Pesca do Mediterráneo (CXPM). Con tal fin, modificouse o mencionado Regulamento (CE) n.º 1967/2006 do Consello, do 21 de decembro de 2006, para que parte das súas disposicións se aplicasen non só ao mar Mediterráneo senón a toda a zona do Acordo CXPM, que inclúe tamén o mar Negro, e en consecuencia, procedeuse a suprimir as ditas disposicións desa norma para incluílas no Regulamento (UE) n.º 1343/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro de 2011. Ademais, procedeuse a aclarar en maior medida determinadas disposicións sobre o tamaño mínimo das mallas fixado no dito regulamento.

As modalidades de pesca que se practican con artes fixas ou artes menores, de marcado carácter artesanal, teñen unha grande importancia socioeconómica no Mediterráneo por afectaren un elevado número de embarcacións, xeralmente de pequeno porte, cunha notable repercusión sobre os recursos pesqueiros costeiros da zona.

O Real decreto 395/2006, do 31 de marzo, establece medidas de ordenación da frota pesqueira que opera con artes fixas e artes menores no Mediterráneo.

Por outra parte, a Orde APA/37/2007, do 15 de xaneiro, pola que se regula a pesca con artes fixas e artes menores no Mediterráneo, define e clasifica estas, regula as condicións técnicas con que se poden utilizar, así como outra serie de condicións tendentes a garantir a conservación e a rendibilidade desta pesca no caladoiro nacional do Mediterráneo.

O Regulamento (CE) n.º 1967/2006, antes mencionado, introduce algunhas normas que afectan o desenvolvemento destas actividades pesqueiras, o que, unido ao tempo transcorrido desde a publicación da referida orde e á necesidade de se adaptar á evolución destas pescas, fai aconsellable a publicación dunha nova norma que substitúa a vixente.

Así mesmo, seguindo as recomendacións do código de conduta para a pesca responsable da FAO, introdúcense determinadas medidas técnicas encamiñadas á redución ou eliminación da captura de organismos mariños en artes de pesca perdidas ou abandonadas, o que se coñece como pesca fantasma.

O Regulamento (CE) n.º 1224/2009 do Consello, do 20 de novembro de 2009, establece un réxime comunitario de control para garantir o cumprimento das normas da política pesqueira común.

Doutro lado, a Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, destaca entre as medidas de conservación dos recursos pesqueiros a regulación das artes de

pesca. Para estes efectos, o seu artigo 10.2 establece que o titular do departamento poderá establecer as características técnicas e as condicións de emprego das artes de pesca autorizadas para as distintas modalidades de pesca.

Na elaboración desta norma solicitouse informe preceptivo ao Instituto Español de Oceanografía, efectuouse consulta previa ás comunidades autónomas con litoral no Mediterráneo e ao sector pesqueiro afectado.

O presente texto foi comunicado á Comisión Europea.

Esta orde dítase ao abeiro da habilitación contida na disposición derradeira segunda da Lei 3/2001, do 26 de marzo.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto regular o exercicio da pesca con artes fixas e artes menores que realicen os buques de pavillón español en augas exteriores do Mediterráneo.

#### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

As normas contidas na presente orde serán de aplicación aos buques de pavillón español inscritos no Censo da frota pesqueira operativa, censados nas modalidades de artes menores e de palangre de fondo do caladoiro Mediterráneo, ou autorizados para exercer a pesca con estas modalidades cando operen nas augas exteriores do mar Mediterráneo, delimitadas por poñente polo meridiano de punta Marroquí, en lonxitude 005° 36,0' oeste, tanto en augas xurisdicionais españolas como no alto mar, sempre por fóra das augas xurisdicionais dos demais países ribeiregos.

#### Artigo 3. *Clasificación das artes fixas e menores.*

Para efectos da presente orde, as artes fixas e artes menores clasifícanse do seguinte modo:

- a) Artes fixas de enmalle.
- b) Arte de palangre de fondo.
- c) Aparellos de anzol.
- d) Artes de parada.
- e) Artes de trampa, exceptuadas as destinadas, selectiva e exclusivamente, á captura de marisco.

#### Artigo 4. *Condicións de utilización.*

1. A pesca con artes fixas cumprirá, en todo caso, o establecido no Regulamento (CE) n.º 1967/2006 do Consello, do 21 de decembro de 2006, relativo ás medidas de xestión para a explotación sustentable dos recursos pesqueiros no mar Mediterráneo, e polo que se modifica o Regulamento (CEE) n.º 2847/93 e se derroga o Regulamento (CE) n.º 1626/94.

2. Excepto no caso das artes de parada, de razóns orográficas ineludibles e daqueles outros en que por inexistencia clara de interacción con outras actividades marítimas quede garantida a ausencia de problemas, as artes fixas largaranse, preferentemente, a rumbo de praia.

3. A distancia mínima entre as artes largadas non será inferior a 100 metros.

#### Artigo 5. *Artes fixas de enmalle.*

1. Definición: enténdense como tales as artes formadas por un ou máis panos de rede armados entre dúas relingas, a superior provista de elementos de flotación e a inferior de lastres. Lárganse en posición vertical, dispoñendo os extremos da arte,

cabeceiros, de cabos guía unidos pola súa parte alta a boias de superficie e pola súa parte baixa a un sistema de ancoraxe co fin de que permanezan na mesma posición desde que se largan ata que se levantan.

2. Clasificación: as artes fixas de enmalle clasifícanse nos seguintes tipos:

a) Redes de enmalle dun só pano. Son artes de forma rectangular, constituídas por varias pezas de rede, cada unha formada por un só pano.

Nesta categoría inclúense as coñecidas localmente como «betas», «soltas», «piqueras», «cazonales», «redes de acedía», «bonitolerías» e similares.

b) Trasmallos. Son artes que constan dunha ou varias pezas, cada unha delas formada por tres panos de rede superpostos. Os dous panos exteriores son de iguais dimensións e do mesmo tamaño de malla e diámetro de fío. O pano interior, de inferior tamaño de malla, poderá ser de maior extensión que os exteriores.

c) Redes mixtas ou combinadas. Son artes formadas pola combinación dos dous tipos anteriores. Normalmente a parte inferior é de dous ou tres panos e a superior dun só, aínda que pode ser á inversa. Nesta categoría inclúense, entre outras, as coñecidas coas denominacións de «bolero», «bonitolera», etc.

3. Características técnicas:

a) Redes de enmalle dun só pano. A malla diagonalmente estendida e mollada non será inferior a 40 milímetros.

A lonxitude máxima total da arte, medida de puño a puño, non poderá ser superior á que corresponde a 2.000 metros por cada tripulante enrolado e presente a bordo, sen que se poida superar, en ningún caso, a cifra global de 5.000 metros de lonxitude total.

Con carácter xeral, a altura do pano da rede non será superior a 4 metros.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, permitírase unha altura máxima de caída do pano da rede de 10 metros, se a lonxitude total da arte non excede os 2.500 metros, e unha altura máxima de 30 metros, cando a lonxitude total da arte non exceda os 500 metros.

En calquera caso, queda prohibido levar a bordo ou largar artes de máis de 500 metros de lonxitude cando estas excedan o límite de 10 metros de altura.

b) Trasmallo. A malla diagonalmente estendida e mollada non será inferior a 200 milímetros nos panos exteriores nin a 40 milímetros no pano interior.

Exclusivamente para a pesca de salmonete se permitirá no pano interior unha malla mínima de 28 milímetros.

A lonxitude máxima total da arte, medida de puño a puño, non poderá ser superior á que corresponde a 2.000 metros por cada tripulante enrolado e presente a bordo, sen que se poida superar, en ningún caso, a cifra global de 5.000 metros de lonxitude total.

A altura do pano da rede non poderá superar, en ningún caso, os 4 metros.

c) Redes mixtas ou combinadas. A malla diagonalmente estendida e mollada non será inferior a 200 milímetros nos panos exteriores. No pano interior non será inferior a 40 milímetros.

A lonxitude máxima total da arte, medida de puño a puño, non poderá ser superior a 2.500 metros de lonxitude total.

Con carácter xeral, a altura do pano da rede non será superior a 10 metros.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, permitírase unha altura de caída máxima de 30 metros, se a lonxitude máxima da arte non excede os 500 metros.

4. Limitacións e condicións de utilización das artes fixas de enmalle:

a) Queda prohibida a utilización de artes fixas de enmalle para a captura das seguintes especies: atún branco (*Thunnus alalunga*), atún vermello (*Thunnus thynnus*), peixe espada (*Xiphias gladius*), castañeta (*Brama brama*) e tiburóns (*Hexanchus griseus*; *Cetorhinus maximus*; *Alopiidae*; *Carcharhinidae*; *Sphyrnidae*; *Isuridae* e *Lamnidae*).

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, as capturas accesorias de non máis de tres espécimes das especies de tiburóns mencionadas no primeiro parágrafo poderanse

conservar a bordo ou desembarcarse, sempre e cando non sexan especies protexidas en virtude da lexislación comunitaria.

b) Con independencia do establecido no número 3, para a captura de buraz ou ollomol (*Pagellus bogaraveo*), cando esta especie represente ao menos o 20% das capturas de peso vivo, o tamaño mínimo da malla será de 100 milímetros.

c) O diámetro do monofilamento do fio dos tres tipos de rede de enmalle de fondo anteriormente descritos non poderá exceder os 0,5 milímetros.

d) Ademais da súa utilización, queda prohibida a tenza a bordo de calquera arte de enmalle que non cumpra as características técnicas que establece o presente artigo.

#### Artigo 6. *Palangre de fondo.*

1. Definición: enténdese por palangre de fondo un aparello fixo de pesca formado por un cabo denominado madre, do cal penden a intervalos outros cabos máis finos, chamados brazoladas, aos cales se empatan ou fan firmes anzois de distintos tamaños. Nos extremos, e ao longo do cabo madre, van dispostos os necesarios elementos de fondeamento e flotación que permiten manter os anzois en profundidade.

2. Características técnicas: o número de anzois que se poderán largar ou levar a bordo non será superior a 1.000 por cada tripulante enrolado e presente a bordo, cun límite máximo de 3.000 por buque.

3. Non obstante o disposto no número 2, os buques que leven a cabo mareas que superen os 3 días poderán largar ata 5.000 anzois e levar a bordo unha cantidade máxima de 7.000; caso concreto en que deberán estar en posesión dun permiso de pesca especial para augas internacionais, expedido pola Secretaría Xeral de Pesca, que autorice as características descritas.

#### Artigo 7. *Aparellos de anzol.*

Ademais do palangre de fondo, existen no Mediterráneo diversos aparellos cuxo elemento básico é o anzol. Entre eles distínguense os seguintes:

a) Liña: aparello vertical constituído por unha liña madre da cal penden brazoladas ou tanzas con anzois. A liña pode ser de man e de cana. Localmente recibe diversos nomes, dependendo da súa estrutura e das especies a que vaia dirixida, tales como «cordel», «liña», «cañas», «pincho», «chambel» e «volantín», entre outros.

b) Cacea ou corricán: aparello de liña horizontal que se remolca cunha embarcación que navega á velocidade apropiada para capturar a especie desexada. A profundidade de traballo pódese regular. Os corricáns van armados sobre canas ou botalóns.

c) Palangrillo: aparello de anzol que consta dun cabo madre do cal penden brazoladas verticais, convenientemente separadas, ás cales se empatan ou fan firmes anzois. Similar ao palangre de fondo, pero de inferiores dimensións.

d) Poteira: aparello de liña vertical de cuxo extremo inferior pende un elemento lastrado, xeralmente brillante ou de cores vivas, provisto de varios anzois.

O número de anzois que se poderán largar ou levar a bordo non será superior a 1.000 por cada tripulante enrolado e presente a bordo, cun límite máximo de 2.000 por buque.

#### Artigo 8. *Características técnicas dos anzois.*

As dimensións dos anzois para a arte de palangre de fondo e o resto de aparellos regulados na presente orde estarán comprendidas entre as seguintes medidas, dependendo da especie á cal se dirixa a captura:

Longo do anzol: entre 7,50 e 2,00 centímetros.

Largo do seo: entre 2,80 e 0,70 centímetros.

Para a captura de ollomol, cando a cantidade desta especie desembarcada ou retida a bordo represente máis do 20 % do peso vivo total das capturas despois de clasificar, a dimensión non será inferior a:

Longo do anzol: 3,95 centímetros.

Largo do seo: 1,65 centímetros.

Para a captura, se for o caso, de atún vermello, zurdo liso, bonito, atún branco e merma serán de aplicación os tamaños mínimos establecidos no Real decreto 71/1998, do 23 de xaneiro, polo que se regula o exercicio da pesca de túnidos e especies afíns no Mediterráneo.

#### Artigo 9. *Forma de medir o anzol.*

1. A lonxitude total dun anzol (longo) corresponderá á lonxitude máxima da cana, desde o extremo superior, onde se empata á sedela, ata o vértice do seo (tanxente horizontal á súa base).

2. O largo do seo corresponderá á maior distancia horizontal desde a parte exterior da cana ata a parte exterior da palleta.

#### Artigo 10. *Artes de parada.*

1. Definición: artes fixas de rede similares á almadraba, da cal se diferencian por seren de dimensións moito máis reducidas. Acostúmase largalas perpendicularmente á costa.

Un dos extremos, denominado rabeira de fóra, fíxase mediante elementos de flotación e fondeamento.

2. Clasificación: as artes de parada clasifícanse nos seguintes tipos:

a) Almadrabilla ou almadraba menor: arte de rede formada por panos de forma rectangular. A relinga superior está provista de boias e a inferior de chumbos. Consta dunha rabeira de terra e outra de fóra en forma de seis ou de dobre circunferencia.

b) Almadrabetas: de construción similar á anterior en canto a flotabilidade e lastre, aínda que de maiores dimensións.

Consta, tamén, de rabeira de fóra e rabeira de terra unidas a un corpo formado por panos de rede montados en vertical, denominado cadro e composto por 4 pezas: boca, cámara, bucho e o copo, lugar onde se deposita o peixe.

c) Moruna: arte de construción máis complexa que as anteriores, consta de dúas pezas e un copo, aínda que pode carecer del.

A peza de terra, tamén denominada coa, de forma rectangular, está armada entre unha relinga de boias e outra de chumbos. Un dos seus extremos vai fixo á beiramar.

A peza de fóra, tamén denominada «rotlos», de forma rectangular, está armada entre unha relinga de boias e outra de chumbos. Forma unha dobre espiral no extremo da coa.

O copo, tamén denominado «moridor», está constituído por unha dobre cámara e unha abertura en forma de funil.

3. Características técnicas:

a) Almadrabilla ou almadraba menor. As dimensións das mallas estarán comprendidas entre os 80 e os 140 milímetros de abertura. A lonxitude máxima da arte será de 500 metros.

b) Almadrabetas. As dimensións mínimas das mallas non serán inferiores a 200 milímetros nas rabeiras, a 130 milímetros na boca, cámara e bucho e oscilarán entre un máximo de 130 milímetros e un mínimo de 80 milímetros no copo.

A suma da lonxitude das dúas rabeiras non superará os 1.500 metros.

A altura da arte nunca superará os 30 metros. En calquera caso, a súa parte superior quedará sempre un metro por debaixo da superficie do mar, dependendo dos fondos en que se largue.

c) Moruna. As dimensións mínimas das mallas non serán inferiores a 100 milímetros, na peza de terra, a 80 milímetros na peza de fóra e a 50 milímetros no copo.

A lonxitude máxima das pezas de terra e de fóra será, cada unha delas, de 400 metros.

A altura da arte non superará os 40 metros.

#### Artigo 11. *Artes de trampa.*

1. Definición: aparellos de pesca que se largan fixos ao fondo e actúan, a modo de trampa, para a captura de diversas especies pesqueiras. Normalmente son largadas de forma que constitúen caceas en que cada trampa se une a unha relinga chamada madre.

Entre estes aparellos merecen significación especial, polo xeneralizado de seu uso, o denominado nasa, construído en forma de cesto, barril ou gaiola e composto por unha armazón ríxida ou semirríxida recuberta de rede, provista dunha ou máis aberturas ou bocas, de extremos lisos, que permiten a entrada das especies ao habitáculo interior.

2. Características técnicas: en ausencia de regulación específica por parte das comunidades autónomas, para aquelas pescas dirixidas á captura de crustáceos non abisais con nasas que se desenvolvan alén do mar territorial español, a lonxitude máxima das caceas será de 10 millas náuticas e o número máximo de nasas que se poderán largar non excederá as 1.000.

En calquera caso, os buques dedicados ao exercicio desta actividade que posúan unha tonelaxe superior a 70 GT poderán largar ata 1500 nasas, pero deberán estar en posesión dun permiso de pesca especial para augas internacionais, expedido pola Secretaría Xeral de Pesca.

3. Prohibición das nasas para peixes: queda prohibida a tenza a bordo e a utilización de nasas dirixidas á captura de peixes.

#### Artigo 12. *Buques autorizados para a pesca con artes fixas e artes menores e cambios temporais de modalidade.*

1. Están autorizados para exercer a pesca coa arte de palangre de fondo os buques que, figurando inscritos no Censo de frota pesqueira operativa, pertencen, pola súa vez, ao Censo de palangre de fondo do Mediterráneo, dispoñan dunha licenza para a dita modalidade e cumpran as condicións establecidas na presente orde.

2. Están autorizados para exercer a pesca co resto de artes e aparellos que regula a presente orde os buques que, figurando inscritos no Censo de frota pesqueira operativa, pertencen, pola súa vez, ao Censo de artes menores do Mediterráneo, dispoñan dunha licenza para o dito censo e cumpran as condicións establecidas na presente orde.

3. Non obstante o disposto nos parágrafos anteriores, a Secretaría Xeral de Pesca do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente poderá autorizar, por instancia de parte, o cambio temporal de modalidade entre os dous censos mencionados por un período de tempo non superior a seis meses.

Así mesmo, poderase autorizar, nas mesmas condicións descritas, o cambio temporal para exercer a pesca con calquera das artes e aparellos regulados nesta norma a buques pertencentes a calquera outro censo do caladoiro mediterráneo.

En calquera caso, para a concesión dos cambios referidos, valorarase a situación dos recursos afectados en cada momento.

#### Artigo 13. *Alternancia entre modalidades do Censo de artes menores.*

1. As embarcacións censadas en artes menores do caladoiro mediterráneo poderán pescar alternativamente con calquera deles.

2. Non obstante, para os efectos do necesario control do esforzo exercido sobre os recursos, se un armador ten intención de cambiar de arte ou aparello durante un período de tempo concreto entre os grupos que se clasifican no artigo 3, deberá comunicalo á

Secretaría Xeral de Pesca, para efectos de que este organismo aprobe a súa utilización logo de verificación do cumprimento dos requisitos recollidos na normativa vixente.

3. En calquera caso, durante a mesma xornada de pesca só poderán levar a bordo e exercer a actividade con artes ou aparellos dun único grupo.

**Artigo 14. *Medidas específicas para reducir os efectos das actividades pesqueiras nos ecosistemas mariños.***

Serán de aplicación as medidas encamiñadas á recuperación de artes perdidas a todas as artes das embarcacións obxecto desta regulación, de acordo co establecido no artigo 48 do Regulamento (CE) n.º 1224/2009 do Consello, do 20 de novembro de 2009, polo que se establece un réxime comunitario de control para garantir o cumprimento das normas da política pesqueira común.

**Artigo 15. *Sinalización e balizamento.***

As normas de marcación e identificación dos buques obxecto desta regulación e das súas artes de pesca serán as establecidas, cando proceda, no título II, capítulo III, do Regulamento de execución (UE) n.º 404/2011 da Comisión, do 8 de abril de 2011, que establece as normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) n.º 1224/2009 do Consello, polo que se establece un réxime comunitario de control para garantir o cumprimento das normas da política pesqueira común.

**Artigo 16. *Permisos de pesca.***

Os permisos especiais e autorizacións a que se fai referencia nesta orde deberanse dirixir ao organismo que se menciona e presentaranse en calquera dos lugares sinalados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou por medios electrónicos, de acordo co previsto na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

A autoridade a quen competa ditará e notificará ao interesado resolución, no prazo máximo de tres meses desde que a solicitude teña entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación, de acordo co disposto no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Se, transcorrido o dito prazo, non se notificar a resolución, os interesados poderán entender desestimada a solicitude, de acordo co disposto na disposición adicional sexta da Lei 3/2001, do 26 de marzo, que establece que, en cumprimento do previsto no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, o vencemento do prazo máximo para resolver as solicitudes de autorizacións de pesca marítima se entenderá como silencio administrativo negativo.

A resolución que se ditar pon fin á vía administrativa, polo que se poderá recorrer contra ela, en virtude do artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, potestativamente en reposición ante a propia autoridade que resolve, no prazo dun mes, se o acto for expreso, e de tres meses, se for presunto, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, de acordo coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

**Artigo 17. *Infraccións e sancións.***

As infraccións ao disposto nesta orde ministerial serán sancionadas de acordo co previsto no título V da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

**Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.***

Queda derogada a Orde APA/37/2007, do 15 de xaneiro, pola que se regula a pesca con artes fixas e artes menores no Mediterráneo.

A Orde do 15 de abril de 1969 sobre regulación da pesca marítima con artes de «volanta» queda sen aplicación no caladoiro Mediterráneo, obxecto da presente regulamentación.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de pesca marítima, establecida no artigo 149.1.19.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2013.

Madrid, 21 de decembro de 2012. O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, Miguel Arias Cañete.